



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARZÚA

*Convocatoria e bases para constituír unha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para os postos de asesor/a xurídico/a e psicólogo/a para o centro de información á muller (CIM) do Concello de Arzúa*

#### **ANUNCIO DE CONVOCATORIA E BASES PARA CONSTITUÍR UNHA UNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE ASESOR/A XURÍDICO/A E PSICÓLOGO/A PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DO CONCELLO DE ARZÚA.**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 25/01/2024, aprobou a seguinte convocatoria e bases: (O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia)

#### **BASES REGULADORAS PARA CONSTITUÍR UNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE ASESOR/A XURÍDICO/A E PSICÓLOGO/A PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DO CONCELLO DE ARZÚA.**

##### **PRIMEIRO. OBXECTO**

É obxecto das presentes bases establecer unha convocatoria co fin de constituír unha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal dos postos de ASESOR/A XURÍDICO/A E PSICÓLOGO/A para o CIM do Concello de Arzúa, a fin de garantir o adecuado funcionamento do servizo; ou ben, para as substitucións de dito persoal, cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Concesión de licenzas
- Vacacións
- Concesión de permisos
- Excedencias
- Situacións de incapacidade temporal
- Comisión de servizos con dereito a reserva de posto ou situación de servizos especiais

Por medio da presente convocatoria seleccionárase ao persoal que integrará a bolsa de emprego de asesor/a xurídico/a e psicólogo/a do CIM, permitindo a cobertura dos postos cando concorran algunha das causas mencionadas anteriormente (necesidades temporais de persoal destinadas a cubrir substitucións dos empregados por motivo dos permisos e licenzas que legalmente se establezan).

Cando se trate de persoal contratado ao abeiro de proxectos, programas, ou subvencións outorgadas por outras administracións ou organismos públicos, estarase ao disposto nas normas específicas de que se trate. Nestes casos só será posible realizar a contratación a través da bolsa de emprego cando se respecten as disposicións aplicables, e non se contemplan sistemas de selección específicos, ou a necesidade de que a cobertura dos postos se realice a través dos servizos públicos de emprego.

Non se procederá á contratación de persoal laboral temporal do servizo de asesor/a xurídico/a e psicólogo do CIM do Concello de Arzúa á marxe da bolsa de traballo que se constituía para o exercicio de funcións correspondente aos postos convocados, agás nos supostos contemplados no parágrafo anterior.

O proceso selectivo para conferir a bolsa de emprego rexeráse de acordo co establecido nas presentes bases e respectando as disponibilidades orzamentarias do Concello.

Preténdese establecer un procedemento áxil para a inmediata cobertura dos postos como consecuencia de necesidades urxentes e inaprazables, nas que deba procederse a cobertura de ditos postos para non entorpecer o normal funcionamento do servizo.

##### **SEGUNDO. PUBLICIDADE**

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiránse mediante a súa publicación unicamente a través do taboleiro electrónico de anuncios do Concello (<https://sede.concellodearzuia.com/opencms/es/informacion/>), medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario, non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

### TERCEIRO. RÉXIME XURÍDICO

O proceso de constitución da bolsa de emprego regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, ou naquilo que as contradiga, será de aplicación o establecido nas seguintes disposicións:

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Real decreto legislativo 5/2015, de 03 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 8 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia

Estas contratacións realizaranse en calquera das modalidades previstas ao abeiro da normativa contida no artigo 15.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real Decreto 2720/1998, de 18 decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

A parte das disposicións mencionadas, será de aplicación o Convenio colectivo de traballo do persoal laboral do Concello de Arzuía, publicado no BOP núm.228, de 27 de novembro de 2014 (código nº. 15100382012014) e calquera outra normativa que resulte de aplicación.

De acordo co artigo 5 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, as funcións dos CIM son as seguintes:

1. Os CIM, dentro do seu ámbito territorial e na súa área de influencia, poderán desenvolver as funcións e prestar os servizos que a continuación se relacionan:
  - a) Asesoramento xurídico e atención psicolóxica ás persoas e colectivos a que se refire o artigo 2.
  - b) Atención específica ás mulleres vítimas de violencia de xénero e, de ser o caso, ás fillas, fillos e persoas menores ao cargo da muller vítima, ou maiores dependentes, facilitando o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma, incluíndo a xestión urxente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que sexan oportunos.
  - c) Atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade co obxectivo de mellorar a súa situación persoal, social ou laboral.
  - d) Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial e, se é o caso, área de influencia.
  - e) Difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes e da necesidade da consecución de igualdade de dereitos e de integración social do colectivo LGTBI.
  - f) Funcionamento como canle de comunicación entre as persoas usuarias e os distintos organismos que teñan competencias en materia de muller e igualdade e atención e integración do colectivo LGTBI.
  - g) Información sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades, tanto no ámbito de xénero como para o colectivo LGTBI e, en especial, difusión de actividades e servizos desenvolvidos polo órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - h) Realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade, tanto no relacionado co xénero como coa temática da diversidade sexual.

- i) Actuacións de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade, cara á integración da perspectiva de xénero nos programas e actuacións que desenvolve a entidade local, así como o establecemento de canles de comunicación e colaboración con outros axentes presentes no territorio e que poidan ser de interese para o desenvolvemento das actividades do centro no ámbito educativo, sanitario, etc.
  - j) Recepción de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de xénero ou por razón da identidade ou orientación sexual no ámbito da publicidade e nos medios de comunicación e traslado destas aos órganos competentes.
  - k) Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.
  - l) Colaboración co órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia naqueles casos en que este órgano o demande para a atención ás persoas usuarias e para a promoción da igualdade de xénero, no exercicio das súas competencias.
  - m) Colaboración e coordinación con outras administracións públicas que poida redundar na mellora da atención ás persoas usuarias.
  - n) Impulso para a constitución e funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero como mecanismo útil para a harmonización de todos os axentes e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.
  - ñ) Fomento do asociacionismo do colectivo LGTBI e de actividades encamiñadas á súa integración efectiva en todos os ámbitos da vida social e económica.
  - o) Calquera outra actividade que se adecúe ao obxectivo prioritario da consecución da igualdade, sobre todo nos ámbitos laboral e social.
2. De conformidade co establecido no artigo 2, as funcións das letras b) e c), relativas á violencia de xénero e á atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, terán carácter prioritario na actividade dos CIM.
3. Con respecto ao exercicio das funcións establecidas neste artigo relativas ao colectivo LGTBI, o persoal do CIM terá en conta a posibilidade de derivación cando existan servizos ou centros públicos de titularidade municipal ou autonómica especializados nesta materia no mesmo termo municipal, ou na entidade local correspondente, sempre que a persoa que solicita atención cumpra cos requisitos necesarios para poder ser atendida no servizo ou centro a que se deriva e este poida, de acordo coas funcións que lle son propias, prestar a información ou asesoramento concreto que se demanda.

#### **CUARTO. POSTOS DE TRABAJO**

Estas bases pretenden constituír unha bolsa de emprego para os postos de ASESOR/A XURÍDICA e de PSICÓLO/A do Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Arzúa.

De acordo co artigo 73 do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Arzúa os postos clasifícanse da seguinte maneira:

*Artigo 73.-Clasificación do persoal. Categorías profesionais.*

1. O persoal Laboral do Concello clasifícase nos grupos I, II, III, IV e V en atención a titulación esixida para o seu ingreso.
2. O grupo I, encadra ao persoal ao que se lles esixiu para o ingreso o título universitario de grao ou equivalente.
3. O grupo II, encadra ao persoal que para o acceso require o título de Técnico Superior ou equivalente.
4. O grupo III, encadra ao persoal que para o acceso require o título de Bacharelato ou de Técnico ou equivalente.
5. O grupo IV o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.
6. O grupo V, integrado por todos os traballadores aos que se lles esixiu para o acceso ou é preciso para o desempeño do posto o Certificado de escolaridade ou equivalente.

A titulación esixida, de acordo co artigo 10 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, para poder formar parte das bolsas de emprego que se pretenden formar é a seguinte:

- . PARA O POSTO DE ASESOR/A XURÍDICO/A: deberá posuír titulación de grao, ou equivalente, en Dereito e contar con formación e experiencia en materia de igualdade de oportunidades por razón de xénero.
- . PARA O POSTO DE ASESOR/A PSICOLÓXICO/A: deberá posuír titulación de grao, ou titulación equivalente, en Psicoloxía, e contar con formación e experiencia en materia de igualdade de oportunidades por razón de xénero.

A formación acreditarase mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades, e a experiencia coa acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I (entidades de acción voluntaria).

Será necesario posuír o CELGA 4 ou equivalente. No caso de non poder acreditarlo realizarase unha proba de galego.

Cando se fai referencia a formación en materia de igualdade por razón de xénero, experiencia en igualdade de oportunidades por razón de xénero ou formación e experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero, débese entender incluída a formación e/ou a experiencia en materia de violencia de xénero.

O asesoramento xurídico e a atención psicolóxica serán compatibles coas funcións de dirección.

A prestación de servicios no CIM por parte de calquera persoa física ou xurídica ó abeiro dunha relación funcional, laboral, mercantil, administrativa ou de calquera outro tipo, será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ó servizo do CIM, a súa imparcialidade ou independencia, así como o cumprimento dos principios establecidos no artigo 4 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia.

Sen prexuízo do anterior, será incompatible para calquera persoa física ou xurídica a prestación de servicios no CIM coa realización de actividades profesionais de atención psicolóxica ou asesoramento xurídico con respecto ás persoas usuarias do servizo. Ademais, no caso do asesoramento xurídico, tampouco se poderá realizar esta actividade a favor de persoas coas que as persoas usuarias manteñan unha relación litixiosa se esta situación implica a vulneración do establecido no anterior parágrafo.

#### FUNCIÓNS DOS POSTOS

As funcións do posto de ASESOR/A XURÍDICO/A, de acordo co artigo 13 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, son as seguintes:

- Información e asesoramento xurídico
- Colaboración na elaboración de memorias e documentos
- Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce a dirección do CIM.

As funcións do posto de ASESOR/A PSICOLÓXICO/A de acordo co artigo 12 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, serán as que seguen:

- Atención psicolóxica
- Realización de valoracións e orientacións psicolóxicas, así como a emisión dos informes que se consideren pertinentes
- Intervención individual
- Realización de informes psicolóxicos nos supostos nos que sexan solicitados por organismos públicos
- Realización de prácticas de grupo e talles de autoestima
- Participación nas actividades do CIM
- Colaboración na elaboración de memorias e documentos
- Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce a dirección do CIM

No caso de que o posto a cubrir sexa o da persoa que exerza a dirección do CIM, tamén terán que levarse a cabo as seguintes funcións:

- Coordinación da atención específica ás mulleres vítimas de violencia de xénero, poñendo á súa disposición os recursos existentes na Comunidade Autónoma a través da xestión urxente dos servizos policiais, sanitarios, xudiciais e sociais que fosen oportunos.
- Coordinación da atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade
- Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial.
- Organización, xestión e seguimento de conferencias, encontros, xornadas, exposicións ou cursos.

- Divulgación e sensibilización da problemática das mulleres impartindo charlas, conferencias, participando en medios de comunicación, etc.
- Información e asesoramento ao colectivo LGTBI encamiñada á integración e á igualdade de oportunidades das persoas que o integran en tódolos ámbitos.
- Información sobre cursos, estudos e xornadas que se programen no seu ámbito territorial, así como sobre as actividades e servizos desenvolto polo órgano competente en materia de igualdade da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Organización de exposicións e xestión de programas.
- Fomento do asociacionismo e a participación cidadá das mulleres e do colectivo LGTBI.
- Recepción, canalización e tramitación de denuncias en materia de discriminación por razón de xénero ou por razón da identidade e a orientación sexual no ámbito da publicidade e os medios de comunicación.
- Coordinación, en no seu caso, do centro de documentación.
- Coordinación con outros servizos pertencentes a outras institucións públicas ou privadas.
- Elaboración e supervisión de memorias e informes.
- Promoción da formación continua do persoal dependente do CIM nas materias relacionadas co obxecto e funcións do centro.
- Comunicación ao órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dos datos relativos ao funcionamento do centro e da súa variación e aportación da documentación que corresponda, así como aportación da información demandada ao amparo das letras l) e m) do artigo 5 deste decreto.
- Atención individualizada e seguimento ás persoas usuarias mediante o asesoramento persoal, telefónico ou por escrito.
- Realización de calquera outra actividade que favoreza a consecución do principio de igualdade.
- Calquera outra función inherente á condición de directora/or do CIM.

RETribución: Será a que corresponda de acordo coa clasificación do posto de traballo no convenio do persoal laboral do Concello de Arzúa e a relación de postos de traballo do seu persoal.

#### **QUINTO. MODALIDADE E TIPO DE CONTRATO**

Os contratos de traballo que se formalicen terán carácter laboral temporal, a xornada será completa ou parcial, horario de mañá e/ou de tarde, fines de semana, en función das necesidades concretas do servizo que xustifican a contratación, así como segundo a xornada do traballador substituído.

As funcións que desempeña o posto desenvólvense en horario e xornada de mañá e/ou tarde establecéndose esta en función das necesidades do servizo pola concellaría competente en materia de Igualdade e respectando en todo caso, as directrices marcadas no Decreto 130/2016 do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, e adaptaranse aos posibles cambios nestas directrices.

O contrato extinguirase por reincorporación do traballador ou por finalización da causa que deron lugar á reserva do posto de Emprego. De igual xeito, o contrato extinguirase cando o traballador ao que se substitúe alcance a idade establecida na normativa de seguridade social.

A duración da contratación atenderá as necesidades derivadas do servizo, a existencia de crédito adecuado e suficiente e que o traballador realice as funcións adecuadamente.

Unha vez finalizada a relación contractual entre o Concello de Arzúa e o traballador, este incorporarase ao último posto da bolsa de traballo constituída, co fin de que as restantes persoas integrantes da bolsa de emprego teñan a mesma oportunidade. No caso de coincida en momento a finalización contractual de varios traballadores, estes pasarán a formar parte dos últimos na lista pero no orde inicial que se atopaban na bolsa.

#### **SEXTO. CONDICIÓN DE ADMISIÓN DOS ASPIRANTES**

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Posuír a titulación esixida, segundo o especificado no apartado primeiro da presente convocatoria. Este requisito deberá acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente. Será igualmente válida a acreditación de atoparse en condicións de obter a antedita titulación na data en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias) da credencial que acredite a súa homologación, que haberá de ser aportada.
- Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA oportuno, de acordo co indicado no apartado segundo presente convocatoria, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e consonte ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega.

- Formación acreditada mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades
- Experiencia por haber traballado en entidades públicas ou privadas, ou ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I (entidades de acción voluntaria).

Estes requisitos deberán posuírse como data límite o último día do prazo de presentación de instancias

#### **SÉTIMO. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e no seu caso específicas para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello segundo o modelo que consta no Anexo I, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación unicamente a través do taboleiro electrónico de anuncios do Concello (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion/>), medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario, non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar

un acto administrativo que conteña datos persoais publicárase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

Xunto coa instancia achegaranse orixinas ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade ou documento equivalente, copia compulsada ou orixinal.
- Titulación esixida segundo o disposto no apartado segundo das presentes bases; que se acreditará co orixinal ou fotocopia compulsada da mesma, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades (artigo 10.3 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia); que se acreditará co orixinal ou fotocopia compulsada da certificación da entidade que impartiu o curso ou do documento oficial acreditativo da súa realización. Nos documentos acreditativos deberá constar necesariamente a duración da actividade formativa. En caso contrario, non poderán ser tidos en conta a efectos de xustificar a formación. Na referencia á formación en materia de igualdade por razón de xénero ou formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón do xénero, débese entender incluída a formación en materia de violencia de xénero.
- xustificación da experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón do xénero, por ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I - entidades de acción voluntaria- (artigo 10.3 do DECRETO 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia); que se acreditará co orixinal ou fotocopia compulsada da certificación da entidade na que se prestaron os servizos na que se faga constar as funcións e tempo traballado; ou ben, mediante o correspondente contrato de traballo, no que se faga constar o posto desempeñado (a duración do tempo de traballo acreditarase co informe de vida laboral). Na referencia á experiencia en igualdade de oportunidades por razón do xénero ou en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón do xénero, débese entender incluída a experiencia en materia de violencia de xénero. En defecto de contrato, poderá presentarse recibo de nómina ou certificado de empresa. Si existise contradición entre o contrato e o informe de vida laboral en canto á categoría laboral, estarase á definición que por este concepto figure no contrato laboral. En caso de omitirse a categoría laboral no contrato estarase ao grupo de cotización que figure no informe de vida laboral.
- CELGA 4 ou equivalente, no caso de non contar con el deberá realizarse a proba específica de galego.
- Declaración de non ter sido separado de servizo mediante expediente disciplinario de calquera Administración Pública ou estar inhabilitado para o exercicio da función pública. No caso de que non teña a nacionalidade española, declaro non estar sometido/a a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no meu Estado de procedencia o acceso á función pública.
- Declaración de dispoñer da capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das funcións correspondentes ás prazas convocadas.
- Declaración de reunir os restantes requisitos e condicións esixibles previstos nas bases reguladoras para poder tomar parte no proceso selectivo.
- Relación de méritos que se aleguen e xustificación destes. Non se valorarán os méritos que non se aleguen.

A esixencia da documentación recollida neste apartado motívase pola imposibilidade material, no momento actual, de obter os datos correspondentes nas plataformas de intermediación de datos e redes corporativas das administracións públicas.

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

#### **OCTAVO. ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Rematado o prazo de presentación de instancias, dítase resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicárase no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

A resolución pola que se aproba lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as. No caso de habelos, os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de dez días hábiles a contar dende

o seguinte ao da publicación da devandita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

Posteriormente, elaborárase unha nova lista cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o parágrafo anterior, que será igualmente exposta no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa. Nesta resolución indícase tamén a composición do tribunal de selección.

#### **NOVENO. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Existirá un único Tribunal Cualificador de referencia.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte do órgano de selección. A pertenza a dito órgano será sempre a título individual, non podendo ostentarse a mesma en representación ou por conta de ninguén.

O número dos membros dos Tribunal non será inferior a cinco. A súa composición será predominantemente técnica, e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, e non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento do proceso de selección, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do mesmo proceso selectivo así o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal rexeráse polo disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **DÉCIMO. SISTEMA DE SELECCIÓN.**

A selección realízase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O procedemento de selección é o de concurso-oposición, polo que consistirá en dúas fases: FASE DE CONCURSO E FASE DE OPOSICIÓN.

- FASE DE CONCURSO: obrigatoria e eliminatória

O 40 por 100 da puntuación total poderá obterse na fase de concurso.

A puntuación neste apartado publicarase no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello indicando lugar, data e hora prevista para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

Os documentos que acrediten os méritos que se valoran nesta fase de concurso deberán presentarse en orixinal ou copia compulsada.

O tribunal de selección procederá á valoración dos méritos de acordo co seguinte baremo:

**1. Experiencia profesional:** valorárase ata un máximo de 25 puntos de acordo co seguinte baremo:

- por servizos prestados como asesor/a xurídico/a dun Centro de Información á Muller: 0,25 puntos por cada mes traballado
- por servizos prestados como profesional do dereito ao servizo de calquera Administración territorial ou institucional, en calquera das seguintes materias: 0,15 puntos por cada mes traballado
  - consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes ou en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero
  - prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como de atención ás mulleres vítimas desta violencia, ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas
  - atención a mulleres pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.
- por servizos prestados como profesional do dereito no ámbito privado, nalgunha das materias comprendidas no apartado anterior (2): 0,10 puntos por cada mes traballado

Os servizos prestados a tempo parcial computáranse de forma proporcional aos prestados a xornada completa.



Os citados méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse aportando os seguintes documentos:

- nos supostos comprendidos nos apartados 1 e 2, certificación da Administración Pública na que se prestaron os servizos na que se faga constar o posto desempeñado e as funcións, así como a xornada e tempo traballado.
- no suposto comprendido no apartado 3, a través do correspondente contrato de traballo, no que se faga constar o posto desempeñado e as funcións, así como a xornada de traballo. A duración do tempo de traballo acreditarase co informe de vida laboral.

**2. Formación profesional:** valorarase ata un máximo de 10 puntos de acordo co seguinte baremo:

1. pola realización de estudos vinculados coa igualdade efectiva entre mulleres e homes, igualdade de oportunidades, promoción social da igualdade de xénero, violencia de xénero, mulleres pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social, colectivos de persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais: ata 6 puntos. Baremables da seguinte maneira:

- mil (1.000) ou mais horas: 6 puntos
- cincocentas (500) ou mais horas: 4 puntos
- mais de cen (100) horas: 2 puntos

2. pola realización de cursos de formación impartidos ou homologados pola Administración ou Organismo Público correspondente, vinculados coa igualdade efectiva entre mulleres e homes, igualdade de oportunidades, promoción social da igualdade de xénero, violencia de xénero, mulleres pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social, colectivos de persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais: ata 4 puntos. Baremables da seguinte maneira:

- Ata 10 horas de duración: 0,10 puntos.
- De 11 a 25 horas de duración: 0,25 puntos.
- De 26 a 50 horas de duración: 0,50 puntos.
- De 51 a 75 horas de duración: 0,75 puntos.
- De 76 a 100 horas de duración: 1 punto.

A formación profesional acreditarase aportando a certificación da entidade que impartiu os estudos ou cursos, ou ben, os documentos oficiais acreditativos da súa realización.

Nas certificacións e documentos acreditativos deberá constar a duración dos estudos ou cursos de que se trate. En caso contrario, entenderase que teñen ata 10 horas de duración e serán valorados con 0,10 puntos cada un deles.

**3. Por publicacións e impartición de cursos ou xornadas:** valoraranse ata un máximo de 5 puntos

As publicacións e impartición de cursos ou xornadas relativas a actividades vinculadas coa igualdade efectiva entre mulleres e homes, igualdade de oportunidades, promoción social da igualdade de xénero, violencia de xénero, mulleres pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social, colectivos de persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais: 1 punto por publicación, curso ou xornada impartida.

Estes méritos acreditaranse aportando a publicación ou documento oficial acreditativo da impartición do curso ou xornada.

**- FASE DE OPOSICIÓN**

O 60 por 100 da puntuación total poderá obterse na fase de oposición.

A fase de oposición constará das seguintes probas:

B.1) Proba teórica: obrigatoria e eliminatória.

Realizarase un exame tipo test que consistirá en responder a un cuestionario de 30 preguntas, mais 5 preguntas de reserva, sobre os contidos do temario que se recolle no ANEXO II.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal de selección.

Cada pregunta formularase con catro respostas alternativas, das que solo unha será correcta.

O exercicio realizarase a porta cerrada coa única presenza dos/as opositores/as, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 45 minutos.

Cada resposta correcta valorarase con un (1) punto. Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos. As respostas en branco non puntuarán.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo un mínimo de 15 puntos.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección dos test, concretando o lugar, día e hora para a realización da proba práctica.

B.2) Proba práctica: obrigatoria e eliminatoria.

Realizarase unha proba práctica polos/as aspirantes que superasen a puntuación mínima de 15 puntos establecida para a proba teórica.

A proba práctica consistirá na resolución dun suposto práctico entre dous propostos polo Tribunal. O seu contido situarase no ámbito das materias tratadas dentro do programa establecido nas bases e estará en consonancia cos procedementos, tarefas e funcións habituais da praza obxecto de convocatoria. Na súa resolución poderanse utilizar textos legais non comentados.

Neste exercicio valorarase o volume e comprensión dos coñecementos e a claridade da exposición.

Os aspirantes seleccionados deberán presentarse para a realización da proba provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal de selección, e seguirase coma orde de actuación o das respectivas instancias no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa.

As cualificacións da proba práctica obteranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal con dereito a voto para cada un dos dous exercicios, e dividindo a puntuación total resultante entre ese mesmo número de membros.

A proba práctica cualificarase de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo un mínimo de 15 puntos na suma das puntuacións outorgadas polos membros do tribunal con dereito a voto.

#### PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Para poder superar o proceso selectivo será preciso acreditar o coñecemento da lingua galega. En cumprimento do artigo 51 da Lei galega 2/2015, os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título CELGA ou equivalente que se especifique na convocatoria deberán someterse a un exame de galego, que constará dun exercicio de redacción e unha proba oral, e terá unha duración máxima dunha hora. Dito exame cualificarase como apto ou non apto.

A puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtida nas dúas fases da proba: concurso de méritos e na fase de oposición. En caso de empate na puntuación final, resolverase o mesmo en favor do/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición, e de persistir o empate éste resolverase en favor do/a aspirante que obtivese maior puntuación na proba práctica da fase de oposición; e de persistir o empate, este dirimirase mediante a realización dunha entrevista cos/as aspirantes empatados/as co obxecto de comprobar a súa adecuación para o posto de traballo de que se trate.

O tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento deste procedemento de selección en todo o non previsto nas presentes Bases.

#### DÉCIMO PRIMEIRO. APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

Sumadas as puntuacións totais obtidas polos aspirantes, o tribunal confeccionará a bolsa de emprego cos aspirantes que superen o proceso selectivo respecto do posto de traballo de que se trate, por orde de maior a menor puntuación.

Por Decreto da Alcaldía aprobarase a bolsa de emprego quedando constituída aos efectos das correspondentes contratacións temporais nos postos aos que se refire a convocatoria. Dita aprobación publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello .

#### DÉCIMO SEGUNDO. VIXENCIA DA BOLSA.

A bolsa de emprego terá unha duración de dous (2) anos a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

#### DÉCIMO TERCEIRO. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

A contratación do persoal efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de emprego para cada posto de traballo.

Cando se deba proceder á contratación temporal ofertaráselle o posto de traballo ao primeiro aspirante da lista. A oferta realizada deberá serlle comunicada por calquera medio que garante ter constancia da mesma. Faranse ata tres intentos de localización nun espazo de 24 horas.

Os aspirantes que non tiveran sido localizados nese prazo permanecerán no posto que ocupen na lista á espera dun novo chamamento, efectuándose o chamamento ao seguinte candidato da lista.

Unha vez localizado o/a candidato/a daráselle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao posto ofertado. De non ter noticias do aspirante nese prazo sobreenténdese que renuncia ao posto podendo efectuarse o chamamento ao seguinte candidato da lista.

Os/as integrantes das listas que ao seren convocados/as para facer efectiva a súa contratación non se presentasen ou renunciases a esta, perderán os seus dereitos e quedarán excluídos das listas.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo. Ditas circunstancias faranse constar na bolsa de emprego.

Esta sanción non será aplicable sempre que concorra causa xustificada, acreditada documentalmente, en cuxo caso pasará á situación de indispoñible, ata que comunique ao Concello que a causa desapareceu. Enténdese por causa xustificada:

- atoparse traballando
- períodos de embarazo, maternidade ou situacións asimiladas
- situación de incapacidade temporal
- enfermidade grave que impida asistencia ao traballo
- causa de forza maior que sexa apreciada con tal carácter

Rematada a contratación, o interesado pasará a ocupar o último lugar na lista.

#### **DÉCIMO CUARTO. SITUACIÓN NA BOLSA DE EMPREGO.**

A situación na bolsa de emprego poderase consultar en calquera momento nas oficinas do Concello e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

As situacións posibles nas que se poden atopar as persoas que integren a lista é a seguinte:

- Dispoñible: á espera de ser chamado para unha contratación de carácter temporal.
- En activo: prestando servizos neste concello dentro do ámbito de aplicación destas bases.

O/A candidato/a que se atope nesta situación poderá recibir ofertas doutras listas engadidas dentro desta bolsa de emprego sempre supoñan unha mellora, e que o/a candidato/a tivera superado o proceso de selección relativo ás mesmas. Tamén poderá recibir outras ofertas da mesma lista cando a súa previsión temporal mínima sexa superior ao posto que estivera desempeñando.

- Indispoñible: quen acredite por escrito atoparse nalgunha das seguintes situacións
  - atoparse traballando
  - períodos de embarazo, maternidade ou situacións asimiladas
  - situación de incapacidade temporal
  - enfermidade grave que impida asistencia ao traballo

No caso de non ter acreditado por escrito ditas circunstancias o/a candidato/a pasará a situación de “excluído/a” aplicándose o disposto para estes casos.

Asemade, unha vez rematada a causa que motive a situación de indispoñibilidade a persoa interesada deberá poñelo en coñecemento do concello no prazo de sete días, achegando a documentación que resulte necesaria, no seu caso. Mentres non realice dita comunicación permanecerá na situación de “excluído/a” a todos os efectos.

- Excluído/a: pasarán a esta situación nos seguintes casos
  - solicitude voluntaria por parte da persoa interesada
  - rexeitamento dun chamamento ou renuncia dunha contratación sen causa xustificada
  - Incapacidade permanente
  - Xubilación
  - inhabilitación para o exercicio de funcións públicas
  - incorrer en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo da administración pública

- informe desfavorable por parte do encargado do servizo baseado nunha causa xustificada (baixo rendemento, faltas de puntualidade reiteradas e inxustificadas, faltas de asistencia reiteradas e inxustificadas, e similares)
- perda dalgún dos requisitos legais esixibles

#### **DÉCIMO QUINTO. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Previamente á sinatura do correspondente contrato, os/as candidatos/as seleccionados/as deberán achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 3 días contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de anuncios, a seguinte documentación:

1. Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a; sen prexuízo dun posterior recoñecemento.
2. Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
3. Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

#### **DÉCIMO SEXTO. CESE**

O cese dos traballadores laborais extinguirase por algunhas das causas dispostas no artigo 49 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

#### **DÉCIMO SÉTIMO. INCOMPATIBILIDADES**

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

A prestación de servizos no CIM por parte de calquera persoa física ou xurídica ó abeiro dunha relación funcional, laboral, mercantil, administrativa ou de calquera outro tipo, será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ó servizo do CIM, a súa imparcialidade ou independencia, así como o cumprimento dos principios establecidos no artigo 4 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia.

Sen prexuízo do anterior, será incompatible para calquera persoa física ou xurídica a prestación de servizos no CIM coa realización de actividades profesionais de atención psicolóxica ou asesoramento xurídico con respecto ás persoas usuarias do servizo. Ademais, no caso do asesoramento xurídico, tampouco se poderá realizar esta actividade a favor de persoas coas que as persoas usuarias manteñan unha relación litixiosa se esta situación implica a vulneración do establecido no anterior parágrafo.

#### **DÉCIMO OITAVO. INCIDENCIAS**

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Trabajo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

#### **DÉCIMO NOVENO. RECURSOS**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes ante o órgano que as ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa)

**ANEXO I****SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL EN MATERIA DE PERSOAL**

APELIDOS	
NOME	
NIF	
DATA DE NACEMENTO	
NACIONALIDADE	
ENDEREZO POSTAL (vía, número, concello, provincia, código postal)	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

DECLARO coñecer e aceptar as bases publicadas no BOP da Coruña nº..... de data ...../...../....., e SOLICITO participar no proceso de selección para formar parte da bolsa de emprego de:

- ASESOR/A XURÍDICO/A DO CIM DO CONCELLO DE ARZÚA  
 - ASESOR/A PSICOLÓXICO/A DO CIM DO CONCELLO DE ARZÚA

DOCUMENTACIÓN QUE AXUNTA (marcar o que proceda):

- Documento Nacional de Identidade ou equivalente;  
 - Titulación esixida segundo o disposto no apartado segundo das presentes bases ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.  
 - xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades  
 - xustificación da experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón do xénero, por ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I  
 - Título CELGA esixido ou superior, ou certificados equivalentes consonte á normativa vixente.  
 - Relación de méritos que se alegan e xustificación destes. Non se valorarán os méritos que non se aleguen.

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade:

- Non ter sido separado de servizo mediante expediente disciplinario de calquera Administración Pública ou estar inhabilitado para o exercicio da función pública. No caso de que non teña a nacionalidade española, declaro non estar sometido/a a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no meu Estado de procedencia o acceso á función pública.
- Dispoñer da capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das funcións correspondentes ás prazas convocadas.
- Reunir os restantes requisitos e condicións esixibles previstos nas bases reguladoras para poder tomar parte no proceso selectivo.

En ....., a ..... de ..... de 2024

SINATURA

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA**

**ANEXO II****TEMARIO ASESOR/A XURÍDICO/A****MATERIAS COMÚN**

**TEMA 1:** A Constitución española de 1978. Dereitos fundamentais e liberdades. Dereitos e deberes dos cidadáns.

**TEMA 2:** A Constitución española. Estrutura e principios xerais.

**TEMA 3:** A organización territorial do estado.

**TEMA 4:** Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

**TEMA 5:** Competencia das entidades locais.

**TEMA 6:** Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Principios xerais.

**TEMA 7:** O acto administrativo, elementos constitutivos, requisitos e eficacia do acto.

**TEMA 8:** A revisión de oficio. A nulidade e anulabilidade do acto administrativo. Recursos administrativos.

**TEMA 9:** Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: iniciación, instrución e finalización do procedemento administrativo.

**TEMA 10:** Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: órganos administrativos e órganos consultivos das distintas Administracións públicas

**TEMA 11:** O Concello de Arzúa. Xeografía. Características demográficas, poboacionais e económicas do termo municipal.

**TEMA 12:** Competencia da Alcaldía. do Pleno e da Xunta de Goberno Local. Estrutura do Orzamento municipal Procedemento de aprobación e modificación do Orzamento municipal.

**TEMA 13:** Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Dereitos e deberes do persoal público.

**TEMA 14:** Tipoloxía de persoal público. Réxime retributivo

**TEMA 15:** A prevención de riscos laborais: marco legal na Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais e desenvolvemento normativo da devandita lei de prevención. Dereitos e obrigas dos traballadores.

**TEMA 16:** Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia: estrutura e principios xerais

**TEMA 17:** Situacións administrativas, permisos e licenzas do persoal público segundo a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia: estrutura e principios xerais

**TEMA 18:** Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

**TEMA 19:** Normativa e principios xerais da Protección de Datos de Carácter persoal na Administración pública.

**MATERIAS ESPECÍFICAS**

**TEMA 20:** Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

**TEMA 21:** Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

**TEMA 22:** Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. LEI 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

**TEMA 23:** Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Titulares do dereito de acceso aos servizos sociais. Dereitos e Deberes das persoas usuarias.

**TEMA 24:** O sistema galego de servizos sociais: Estrutura do sistema.

**TEMA 25:** Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.

**TEMA 26:** Dereitos das mulleres inmigrantes vítimas de violencia de xénero.

**TEMA 27:** Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento: Principios de actuación e funcións dos CIM.

**TEMA 28:** Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento: Funcións, competencias e requisitos dos profesionais que compoñen os CIM.

**TEMA 29:** Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento: Restante articulado desta normativa.

**TEMA 30:** Figuras legais de protección de menores: A tutela e a garda.

**TEMA 31:** Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de Protección das Vítimas da Violencia Doméstica.

**TEMA 32:** Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

**TEMA 33:** Recursos sociais para as mulleres. Centros, servizos e programas. O caso de Galicia.

**TEMA 34:** Réxime xeral da Seguridade Social Prestacións Económicas por incapacidade temporal, maternidade e riscos durante o embarazo. Prestacións Económicas por Viuvez, Xubilación e desemprego.

**TEMA 35:** Principio de igualdade entre mulleres e homes. Formas de discriminación.

**TEMA 36:** As mulleres no ámbito rural. O caso de Galicia.

**TEMA 37:** O acoso sexual: consideracións xerais sobre o acoso sexual no ámbito laboral. Prevención e actuación. Normativa.

**TEMA 38:** Recursos sociais para as mulleres. Centros, servizos e programas. O caso concreto de Galicia.

**TEMA 40:** Asistencia xurídica gratuíta.

**TEMA 41:** Violencia de xénero: Concepto, orixe, causas e transmisión. Factores desencadeantes.

**TEMA 42:** A violencia psicolóxica.

**TEMA 43:** A violencia física.

**TEMA 44:** A violencia sexual.

**TEMA 45:** Acoso sexual.

**TEMA 46:** Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

**TEMA 47:** Recursos de interese.

**TEMA 48:** O Código Penal español actual: título preliminar e libro I

**TEMA 49:** O Código Penal español actual: do homicidio e as súas formas. Do aborto, das lesións, das lesións ao feto

**TEMA 50:** O código penal actual: delitos contra a liberdade e delitos contra a liberdade sexual

**TEMA 51:** O Código Penal español actual: delitos contra as relacións familiares

**TEMA 52:** A evolución do tratamento da violencia de xénero no Código Penal español.

**TEMA 53:** Lei de Xuizamento Criminal.

**TEMA 53:** A conciliación familiar

**TEMA 54:** A rede transfronteriza de Centros para a Muller.

**TEMA 55:** Medidas xudiciais de protección e seguridade das vítimas. Suspensión da patria potestade ou custodia, do réxime de visitas e do dereito á tenencia, porte e uso de armas. Mantemento das medidas de protección e seguridade. Quebrantamento de condena.

**TEMA 56:** Abandono familiar.. Quebrantamento dos deberes de custodia e indución de menores ao abandono do domicilio.

**TEMA 57:** Axudas económicas ás mulleres maltratadas na Comunidade Autónoma de Galicia. Real Decreto 1452/2005, de 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a Violencia de Xénero. Reinserción laboral.

**TEMA 58:** Violencia de xénero e Protección de datos.

**TEMA 59:** Procedementos penais. O papel da vítima de violencia de xénero nos procedementos penais.

**TEMA 60:** A denuncia por violencia de xénero.

**TEMA 61:** Parte de lesións na violencia de xénero

**TEMA 62:** Os Xulgados de Violencia sobre a Muller: natureza, ámbito, competencias, equipos técnicos ou psicosociais. Xulgados de Familia.

**TEMA 63:** Oficina de atención ás vítimas de delitos.

**TEMA 64:** Lei 4/2015, de 27 de abril, do estatuto da vítima do delito. Dereitos básicos. Os servizos de xustiza restaurativa. A Protección das vítimas.

**TEMA 65:** Procedementos civís e medidas civís

**TEMA 66:** Forzas e Corpos de seguridade do Estado: intervención en materia de violencia de xénero e doméstica

**TEMA 67:** A orde de protección europea. Directiva 2011/99 UE, de 13 de decembro de 1999.

**TEMA 68:** Lei Orgánica 4/2000, de 11 de abril, sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei Orgánica 2/2009.

- TEMA 69:** Lei 13/2005, de 1 de xullo, polo que se modifica o Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio.
- TEMA 70:** Réxime Económico matrimonial: Clases e efectos. Regulación xurídica. Unións de feito.
- TEMA 71:** Separación. Divorcio. Separación das parellas de feito: procedemento e trámites. Normativa. Xurisdición e competencia dos tribunais.
- TEMA 72:** Efectos comúns á nulidade, separación e divorcio.
- TEMA 73:** Medidas provisionais previas á demanda de nulidade, separación ou divorcio.
- TEMA 74:** Relacións paterno-filiais. Representación legal dos fillos. Extinción da patria potestade.
- TEMA 75:** . Alimentos entre parentes. Alimentos para fillos/as menores. Pensión compensatoria. Impago de pensións: delito e execución forzosa dos pronunciamentos sobre medidas.
- TEMA 76:** Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada
- TEMA 77:** Instrumento de ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011.
- TEMA 78:** Decreto 157/2012, do 5 de xullo , polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.
- TEMA 79:** Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.
- TEMA 80:** Resolución de 9 de xuño de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade de 21 de xullo de 2014, polo que se aproba o protocolo de derivación entre centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.
- TEMA 81:** Resolución do 25 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, polo que se establece o procedemento de mobilidade das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero.
- TEMA 82:** Real Decreto 1917/2008, de 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción socio-laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- TEMA 83:** Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.
- TEMA 84:** Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- TEMA 85:** Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de Agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do pacto de estado contra a violencia de xénero
- TEMA 86:** Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- TEMA 87:** Servizo telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero (ATENPRO).
- TEMA 88:** Mediación intraxudicial.
- TEMA 89:** O dereito laboral. Clases e réxime xurídico dos contratos laborais. O despido laboral: clases e regulación xurídica. Lexislación europea en materia de discriminación de xénero.
- TEMA 90:** Teorías, procesos e instrumentos de empoderamento das mulleres.

#### TEMARIO ASESOR/A PSICOLÓXICO/A

- TEMA 1:** A Constitución española de 1978. Dereitos fundamentais e liberdades. Dereitos e deberes dos cidadáns.
- TEMA 2:** A Constitución española. Estrutura e principios xerais.
- TEMA 3:** A organización territorial do estado.
- TEMA 4:** Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- TEMA 5:** Competencia das entidades locais.
- TEMA 6:** Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Principios xerais.
- TEMA 7:** O acto administrativo, elementos constitutivos, requisitos e eficacia do acto.
- TEMA 8:** A revisión de oficio. A nulidade e anulabilidade do acto administrativo. Recursos administrativos.
- TEMA 9:** Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: iniciación, instrucción e finalización do procedemento administrativo.
- TEMA 10:** Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: órganos administrativos e órganos consultivos das distintas Administracións públicas
- TEMA 11:** O Concello de Arzúa. Xeografía. Características demográficas, poboacionais e económicas do termo municipal.



**TEMA 12:** Competencia da Alcaldía. do Pleno e da Xunta de Goberno Local. Estructura do Orzamento municipal Procedemento de aprobación e modificación do Orzamento municipal.

**TEMA 13:** Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Dereitos e deberes do persoal público.

**TEMA 14:** Tipoloxía de persoal público. Réxime retributivo

**TEMA 15:** A prevención de riscos laborais: marco legal na Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais e desenvolvemento normativo da devandita lei de prevención. Dereitos e obrigas dos traballadores.

**TEMA 16:** Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia: estrutura e principios xerais

**TEMA 17:** Situacións administrativas, permisos e licenzas do persoal público segundo a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia: estrutura e principios xerais

**TEMA 18:** Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

**TEMA 19:** Normativa e principios xerais da Protección de Datos de Carácter persoal na Administración pública.

#### MATERIAS ESPECÍFICAS

**TEMA 20:** Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

**TEMA 21:** Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

**TEMA 22:** Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. LEI 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

**TEMA 23:** Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Titulares do dereito de acceso aos servizos sociais. Dereitos e Deberes das persoas usuarias.

**TEMA 24:** O sistema galego de servizos sociais: Estructura do sistema.

**TEMA 25:** Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.

**TEMA 26:** Dereitos das mulleres inmigrantes vítimas de violencia de xénero.

**TEMA 27:** Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento: Principios de actuación e funcións dos CIM.

**TEMA 28:** Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento: Funcións, competencias e requisitos dos profesionais que compoñen os CIM.

**TEMA 29:** Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento: Restante articulado desta normativa.

**TEMA 30:** A abordaxe da situación de emerxencia

**TEMA 31:** Código deontolóxico do psicólogo

**TEMA 32:** Dereitos das mulleres inmigrantes vítimas de violencia de xénero.

**TEMA 33:** Intervención psicolóxica na violencia de xénero: Estratexias básicas no deseño da intervención

**TEMA 34:** Síndrome da muller maltratada: Teoría do ciclo da violencia. Consecuencias físicas e psicopatolóxicas do maltrato na muller.

**TEMA 35:** As consecuencias da violencia de xénero no desenvolvemento afectivo da vítima

**TEMA 36:** Mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental grave: detección e intervención.

**TEMA 37:** Procedementos de actuación con mulleres no ámbito sanitario: condicións da interrupción voluntaria do embarazo.

**TEMA 38:** Servizo telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero, (ATENPRO) e outros recursos de interese.

**TEMA 40:** Intervención social con vítimas de violencia de xénero: Actuación dos/as profesionais nos Servizos Sociais para a atención de mulleres que sofren violencia de xénero.

**TEMA 41:** Indicadores para a detección dos malos tratos dende a perspectiva da Intervención social con vítimas de violencia de xénero.

**TEMA 42:** Intervención psicolóxica con fillos/as de nais vítimas de violencia

**TEMA 43:** Figuras legais de protección de menores: A tutela e a garda.

**TEMA 44:** Protocolo de intervención dos equipos técnicos do menor: Procedemento xeral do equipo de urxencias e primeira valoración.

**TEMA 45:** Programa de Atención Psicolóxica para homes con problemas de control e violencia no ámbito familiar

**TEMA 46:** Entrevista psicolóxica e motivacional. Guía básica da entrevista inicial en violencia de xénero.

**TEMA 47:** Técnicas de terapia.

**TEMA 48:** A posición do/a profesional na intervención con familias: variantes segundo o modelo estrutural. As preguntas como instrumentos de intervención.

**TEMA 49:** Terapia Familiar Breve: Usos da linguaxe nas sesións.

**TEMA 50:** Construción de narrativas alternativas na terapia: Obxectivos. Proceso de externalización.

**TEMA 51:** A psicoloxía Comunitaria: Características. Metodoloxía.

**TEMA 52:** Funcións do/a psicólogo/a comunitario.

**TEMA 53:** Ámbitos de actuación da psicoloxía comunitaria.

**TEMA 54:** Actitudes iniciais das familias ante os servizos sociais: Tipos. Directrices xerais para os/as profesionais.

**TEMA 55:** Abordaxes de intervención ante conflitos familiares e maritais: intervención familiar, orientación e consello psicolóxico.

**TEMA 56:** Desenvolvemento evolutivo do neno/a na primeira infancia: Desenvolvemento emocional, e social nos dous primeiros anos.

**TEMA 57:** Desenvolvemento evolutivo do neno/a na segunda infancia: Desenvolvemento persoal e social na idade preescolar.

**TEMA 58:** Desenvolvemento afectivo, emocional e social na adolescencia: Relacións coa familia.

**TEMA 59:** Desenvolvemento evolutivo na adolescencia: Relacións sociais co grupo de iguais e amigos.

**TEMA 60:** Intervencións sistémicas na infancia: Obxectivos. Actitude terapéutica.

**TEMA 61:** A influencia do apego e estilos educativos familiares no desenvolvemento social na infancia.

**TEMA 62:** Dimensións da alianza de traballo con familias segundo o modelo SOATIF (Sistema de observación da alianza terapéutica en intervención familiar)

**TEMA 63:** Construción de metas e obxectivos na intervención familiar: Como definir os obxectivos coa familia.

**TEMA 64:** O traballo co alcohol desde a terapia breve de familia: A personalización da tarefa na intervención.

**TEMA 65:** A fobia escolar: Definición e tratamento.

**TEMA 66:** Prevención da conduta aditiva: Definición. Obxectivos. Tipos de prevención. Estratexias. Promoción de hábitos saudables.

**TEMA 67:** A psicopatía. O psicópata subclínico ou integrado nas relacións de parella. Violencias invisibles.

**TEMA 68:** A terceira idade: O proceso de envellecemento Necesidades sociais e humanas no envellecemento.

**TEMA 69.** Transtornos do estado de ánimo. Transtornos unipolares: depresión e distimia. Transtornos bipolares e transtorno ciclotímico. Modelos explicativos, sintomatoloxía e diagnóstico diferencial. Transtornos de ansiedade. Características xerais. Ansiedade normal e ansiedade patolóxica. Transtorno obsesivo-compulsivo. Modelos explicativos. Clasificación e diagnóstico. Transtornos da personalidade. Principais tipos e características.

**TEMA 70:** Transtornos da alimentación: Patrón comportamental característico. Tratamento psicoterapéutico. Os cuidados primarios no dolo: Obxectivos e técnicas.

**TEMA 71:** As emocións no dolo: Estratexias de intervención para a rabia e a tristura.

**TEMA 72:** Psicoloxía Perinatal. Saúde mental perinatal no embarazo e na maternidade. Psicopatoloxía do embarazo e do parto. A violencia obstétrica.

**TEMA 73:** As consecuencias do coidado informal sobre a persoa coidadora. Programas de intervención para aliviar a carga da persoa coidadora.

**TEMA 74:** Síndrome da persoa coidadora ou Burnout: Causas e consecuencias. Fases.

**TEMA 75:** Recursos sociais para as mulleres. Centros, servizos e programas. O caso de Galicia.

**TEMA 76:** As mulleres no ámbito rural. O caso concreto de Galicia.

**TEMA 77:** Principio de igualdade entre mulleres e homes. Formas de discriminación.

**TEMA 78:** O acoso sexual: consideracións xerais sobre o acoso sexual no ámbito laboral. Prevención e actuación. Aspectos legais.

**TEMA 79:** Violencia de xénero: Concepto, orixe, causas e transmisión. Factores desencadeantes.

**TEMA 80:** A violencia psicolóxica.

**TEMA 81:** A violencia física.

**TEMA 82:** A violencia sexual.

**TEMA 83:** Acoso sexual.

**TEMA 84:** Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

**TEMA 85:** Mediación intraxudicial.

**TEMA 86:** Programa Abrámolo Círculo (COP Galicia). Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero (COP Galicia). Outros programas.

**TEMA 87:** Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidade entre homes e mulleres.

**TEMA 88:** Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral de Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). A evolución das políticas de igualdade no ámbito local.

**TEMA 89:** Deseño e xestión de proxectos de Igualdade. Implementación na realidade local.

**Tema 90:** Axudas económicas ás mulleres maltratadas na Comunidade Autónoma de Galicia. Real Decreto 1452/2005, de 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a Violencia de Xénero. Reinserción laboral.

En Arzúa, a 8 de febreiro de 2024

O alcalde

Xoan Xesus Carril Ramos

2024/980